

Idade de pedra.



A Idade de Pedra é o período durante o cal os seres humanos crearon ferramentas de pedra.

A madeira, os ósos e outros materiais tamén foron utilizados, mais a pedra (en particular o pedernal) foi utilizada para fabricar as ferramentas e armas de corte.

Crese que este período comezou nalgunha parte do mundo hai 2 ou 5 millóns de anos, coa aparición da primeira ferramenta humana (ou pre-humana). Este período foi seguido pola Idade de Bronce, durante o cal, as ferramentas de bronce chegaron a ser comúns; esta transición ocorreu entre 8000 e 4500 anos.

Tradicionalmente vense dividindo esta Idade en:

- Paleolítico, cun sistema económico de caza-recolección
- Mesolítico, etapa intermedia entre Paleolítico e Neolítico.
- Neolítico, no que se produce a revolución cara o sistema económico produtivo co nacemento da agricultura e gandería.




A roda.



Non sabemos cando foi inventada a roda, pero coñecemos que os primeiros carros con rodas foron construídos en Mesopotamia hai 5.000 anos.



A roda permitiu transportar cousas con menos esforzo, posiblemente primeiro sobre troncos de árbores e logo sobre rodas de pedra.




Os números.



A humanidade inventa os números pola necesidade de contar os obxectos.

Ao principio os números foron montóns de pedras ou paos, para máis tarde converterse en marcas e signos.

A maior parte dos pobos antigos utilizaron o sistema decimal, debido a que se valían dos dedos das mans para contar.



O sistema que utilizamos actualmente foi desenvolvido polos hindúes, que representaban o un como 1, o dous como 2


O cero tamén foi inventado polos hindúes hacia o ano 500, que o chamaron “zunya” , que significa “vacío”.

9,8,7,6,5,4,3,2,1 e **zunya**


A escritura.

As primeiras formas de escritura apareceron en Sumer hai 5.000 anos, e consistían en debuxos de cousas. Logo isos debuxos convertéronse en signos con formas moi diversas.


À esquerda escritura cuneiforme.



Abaixo escritura xeroglífica.





As formas de escritura.




A medida do tempo.

Os primeiros aparellos para medir o tempo foron construídos hai 5.500 anos, e foron rudimentarios reloxos solares.



Os exipcios comezaron a utilizar hai 3.400 anos reloxos de auga, chamados clepsidra, aínda que se pensa que os primeiros que utilizaron a auga para medir o tempo foron os Caldeos.




Os reloxos mecánicos foron inventados no século XIII, e no século XV comezaron a viaxar nos bolsos dos homes.




Sabes cal é o reloxo máis preciso?

O reloxo atómico de Cesio, que atrasa un milisegundo cada 1.400 anos.



A máquina de vapor.

Unha máquina de vapor é un motor de combustión exterior que transforma a enerxía dunha certa cantidade de vapor de auga en movemento.



O funcionamento ten dúas etapas: xérase previamente o vapor de auga nunha caldeira cerrada, por calentamento directo mediante a queima dalgún combustible — carbón ou madeira nos seus inicios, derivados do petróleo e gas natural con posterioridade— o vapor a

presión introdúcese no cilindro arrastrando ó émbolo ou pistón na súa expansión; empregando un mecanismo de biela-manivela éste pódese transformar nun movemento de rotación. Unha vez alcanzado o final de carreira o émbolo retorna á súa posición inicial expulsando o vapor de auga.




Os motores de vapor empregáronse habitualmente para mover máquinas e aparellos tan diversos como bombas, máquinas locomotoras, motores mariños, etc. durante a Revolución Industrial en cuio desenvolvemento tivo un papel relevante. As modernas máquinas de vapor utilizadas na xeración de enerxía eléctrica.

O ordenador.

Un ordenador ou computador é unha máquina que realiza cálculos e controla operacións expresadas en termos lóxicos e numéricos.

O primeiro ordenador foi o EDSAC inglés, construído en 1949.




Configuración hardware:

- Procesador central ou CPU: constituíndo o núcleo central, encargado do cálculo e execución.
- Dispositivos de almacenamento: almacenan temporalmente a información necesaria. Os dispositivos máis importantes nesta categoría son
 - a memoria RAM: para o almacenamento a curto prazo.
 - disco duro: para o almacenamento a longo prazo.
- Dispositivos de entrada/saída: encargados de facilitar o fluxo de información desde/cara ao ordenador.

Configuración software ou programas: Un ordenador executa un programa software ou conxunto de instrucións expresadas en termos lóxicos e numéricos.




PARTES DO ORDENADOR



AS ESTACIÓNS ESPACIAIS.

As estacións espaciais son as maiores obras de inxeniería fabricadas pola humanidade.



Son “casas” permanentes no espacio, para que poidan vivir nelas os astronautas.

A primeira foi a MIR , construída pola antiga URSS en 1986 e afundida no mar en 2001.

A ESTACIÓN ESPACIAL INTERNACIONAL é un proxecto conxunto no que participan 16 países: os Estados Unidos, Rusia, Xapón, Canadá, Brasil e 11 países europeos a través da Axencia Espacial Europea (ESA).

A estación espacial encóntrase en órbita en torno da Terra a unha altitude de aproximadamente 360 quilómetros.

Aínda se atopa en fase de construción.

